


XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE
ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA
5 DE XUÑO DE 2013

1. Apróbase a acta da sesión ordinaria da Xunta de Facultade do día 5 de abril de 2013.
2. Apróbase o calendario de actividades docentes do curso académico 2013-2014.
3. Apróbanse as datas de realización das probas de avaliación da “convocatoria extraordinaria de decembro” da Licenciatura en Dereito no período determinado para a “convocatoria de fin de carreira” (14 ao 22 de outubro de 2013).
4. Apróbanse os horarios do Grao en Dereito para o curso académico 2013-2014.
5. Apróbase a toma en consideración do proxecto do novo regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao en Dereito.
6. Apróbase o calendario para a elaboración das guías docentes do curso académico 2013-2014.
7. Apróbase a proposta para a Coordinación e representantes da Universidade de Vigo na Comisión Académica do Máster en Procuradoría presentada polo Decano da Facultade de Dereito de Ourense e pola Decana da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do Campus de Vigo.
8. Deléganse na Comisión Permanente os seguintes asuntos:
 - a. Fixación do lugar e horario das probas de avaliación do Grao e da Licenciatura en Dereito para o curso académico 2013-2014.
 - b. Aprobación dos novos procedementos simplificados de calidade propostos pola Reitoría.
 - c. Aprobación das guías docentes e programas do curso académico 2013-2014.
 - d. Aprobación dos Tribunais de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria e fin de carreira da Licenciatura en Dereito e dos Tribunais de

- avaliación do Grao en Dereito para o curso académico 2013-2014.
- e. Aprobación do temario da proba de aptitude para a homologación de títulos estranxeiros para o curso académico 2013-2014.
 - f. Aprobación do curso "Cero" para o curso académico 2013-2014.
9. Apróbase o procedemento de matrícula en materias optativas para o curso académico 2013-2014.

Ourense, 6 de xuño de 2013



A SECRETARIA DA FACULTADE
M^a Dolores Fernández Fustes